

CARTA QUE DENDES PARIS LLE MANDOU PELUDEZ Á FILOMENA O DIA DAZAOUTO
DE ABRIL DE 1981.

=====

Miña querida parte contraria:

Saberás que me atopo en París, de onde éin que veñen os nenos. Eu nenos non vin. Pero inenasi, hainas a montós pra vender e mercar. ¡Miñas almiñas, canto ben se perde neste mundo por falta de uso!

Escribo, porque estou máis chafugado aínda que o señor Cruz, que deixou en Lugo os cartos pra pagar esta fonda, e agora os da fonda téñennos coma ovellas tiradas polo monte, pois non queren estes fillos... de sua mai darnos as chaves pra entrar no cuarto. Como eu teño aínda no fardelo algo do que me metiches nél pra metendar, e como teño medo que se me perda, tiven unhas palabras cun dos donos da forxa que está tras do mostrador muy inritado. Eu dixenlle:

-Díame vosté la chave del cuarté.

Míroume o condanado con mala cara, chapurrou algo así como "¿Oubule vul?". É como eu, aínda que non entendín o que decía, pareceume que quería decirme un insulto, chuegueille a miña cara ós bigotes dél, e dixenlle:

-Usté chavellará francesé, pro eu troazo biené o gallegué, i en gallegué lle digo: -Pónolle perdida á mai que o trouxo a este mundo, que non terá paxel limpo por onde poida collela sin enfouzarse de... icóma-a usté!

Gracias a que o señor Varela Villamor me agarrou, que senón métoille pola boca un prato de Don Limogues, que che merqueí, e que debe ser cousa fina polo que me custou e porque cada rapaza das que congo vññeron mercaron hastra por medias ducias.

Non sei se foi polo que lle dixen ó bigotes aquel ou porque se añaron os da fonda cos que lles debían os cartos, o caso é nos deron as chaves do cuarto. Estpu nél agora i escriboche dicindo que adeprez dpin muito francés. Xa sei decir MERDÍ, pra dar as gracias, e xa non podo decirlle ó fillo; -Traime eso pra acó, ó", porque me traguera auga, pois aquí á auga chamánlle muy confianzados O. Pro ó leite dixerlle OÍE, ó queixo FORRAXE, ó viño tinto chamánlle RUXE, e debe ser polo que ruxen os cartos ó pagalo, ós sitios de durmir dinlles CHAMBRA, quizabes pra arrecordar ás mulleres que pra deitarse teñem que quitala; e se che da a présa tés preguntar onde están as TOLETAS, que eu coideí que era unhas rapazas e resulta que son ...os sitios de se viarse.

Como non sempre os entendo, cñado non séi o que me din, eu dígolle muy-finamente, eso sí:

-I eu, en "la tuya", por siacaso.

Pro ás veces non me entenden, i entón falo por señas. A un mouro, que me pedía por un cinto o demo de cartos e que me seguía que parca unha mosca de cabalo, fixenlle... a seña que tí sabes. ¡I entendeume! Porque me contestou coa mesma, que, ó visto, faise o mesmo en castille no que en franchute.

Direciche tamén que pasamos uns días cuasi como se foran de lua de mel. Acarseiranos por toda a vila en coches. Unha rapaza escuchimizada iba expricando o que íbamos vendo, aínda que ás veces faría fall que outro expricae o que ela expribaba pra poder entendela. Que aínda non sei qué centella sería o JOROBADOR do que tantas veces falou. Ás veces, tomándonos por parvos, engañábanos. Dunha vez díñe que íbamos a ver a NOSTRA DAMA, e non se viu tal dama p r ningún sitio. Eso sí, vimos unha igrexa grande con muitos santos de pedra na fachada.

Outro día díxónos: -Imos a ver la igrexa de XASTRES. E levounos por sitios sementados de trigo e unha cras de nabos en fror, e vimos:

outra igreſia, tamén con moitos santos de pedra todo ó redor. A PUNES-
quera da rapaza pegou a falar de vidreiras i esqueceuse dos xastres;
co que perdemos o tempo no viaxe. Menos mal de que dendes de alí nos
levou a un sitio que lle chaman VER SALAS, e vimos moitas e mui lon-
gas, pro debe ser xente prope e que alí vive, porque non había máis qu
unha casa, chea de faldras ó redor, porque debe ser ben máis mirada qu
unha rapaza que iba diante mín cunhos calzonzinos tan rabenos... que
eu mirei máis pra ela que prás salas. Alí cerca botáronnos de comer,
e non se me esquece que alí quedáronme a deber un café...

Por París levounos a moza a unha igreſia branca no alto que seiq
ten de alcuño SEIQUÉ QUER. E perto de alí había un fato de xente mi-
rando como uns desocupados pintaban unhas telas. Pro eu fixeime máis
en dous paisaniños, sentados no chan e cunha botella, e que agarraran
unha ditas pítimas que duran oito días.

Tamén vimos un sitio que lle chamaban POMPIIS DURO. Eu coidei que
sería un señor mui gordo, e resultou que é un argadel de ferro todo
pintarrazado. Despois dixo que nos levaba a ver ó ALISEO, pero nono vi
mos, porque non debía estar pra ver, e fomos pampar vendo a TORRE DO
PIEL, que é outro argadel de ferros, e pra nós inrido, vai e dinos:

-Ahora imos a ver a los inválidos.

Eu dixen pra min:

-¡Vais gusto, porra!... Non sería millor ir ver as moitas válidas
que andan polas ruas, ou sentadas nos cafeses amosando os sitios
das lligas, ou vendo escaparates... e deixándos ver?.

Pero non vimos inválido ningún, pro vimos a tunha dun Napolión, que
mui mal lle deberon querer en vida. Ten unha louca encima, que debe pe-
sar centos de arrobas. Vese que non uquerían que se erguese dela...

A mesma rapaza escuchimizada, que cando miraba pra un a traveso do
espejelos, non sabías si miraba pra tí ou pób que estaba á tua es-
querda, levounos a ver casa dun bon peixe, que seique lle chamaron BI-
CON. ¡Qué casa, miña filliña!... E qué cousas. E qué camas, tamén con fal-
dras. E que bodegas de viño... ¡Niso -e tamén "no outro"- vese que era
dos meus. A rapaza non debeu gustarlle o que foi dono da casa, pois
de cada pouco chamáballe FOUQET, pro inda que o decía en francés por
desemular, en entendíalle ben que quería decir que ó BICON o chafuga-
ron... con efe.

Pero aquela casa tén uhos hortos e unhas lagoas que da xenio ve-
las. Eu, mirando algús recunchos e sabendo que ó dono lle chamaban BI-
CON, decía pra mín: -¡Si estes recunchos falaran!... Pois por aquí sei-
que andiveron 14 Luises, aunhas Mariás e outras boas prépas, e o sitio,
o sitio... ¡bueno, non che digo máis, porque xa adiviñas o que quero
decir!

Un día metéronnos no tben que lle chaman METRO e que ten cuasi
media legua. Eu fun poñendo todo o tempo a mau sober do diñeiro, pois
diéxonme que a una señora das que iba con nós, o METRO, que b deben
ter amaestrado, quedósello co bolso e nunca máis dél soupo.

Déronnos unha pasaxata polo río en lancha. Eu fun na azotea da lan-
cha, e tal friaxe apañei que, pra enttar despois en calor, tiven que em-
barcar casi tanto viño como auga leva o río. ¡Para pagalo, baixxoume
tanto a carteita que casi non me importa que ma arrouben! Como lle
arroubaron o bolso a una rapaciña mui xmitosa das nosas, que se quedou
sin os papaportas, sin os atraquese de pintarse e sin os cartos, pro
menos mal que que iso lle serviu pra tratar cos polecias bos mozos.

Aquí en París os custes das cousas tamén están en francés. Poño por
caso, queres mercar unha prenda das tuas, e vés un pétalo que, poño por
caso, sendo da tua medida a prenda, di: 300efe. E tí dirías: -¡Non é
caro; trescentas pesetas! Pero así, sí. Cando foses a pagar terías que
pousar máis de cinco mil beatas... Aquí todo é raro. As rapazas chá-
manlles MAMABELLAS, e non lles importa, pois nono toman a mal. Eu fun
ver algús Museos, e hay alí tantas cousas que cando un sale deles só-
lo se acorda de quencutros tempos, ou facía muita calor, ou a xente
non debía ter camisa...

!Nin camisa nin vergonza, polo que deixaban ver!

Pro o que ma pasou antes non se me esquecerá na vida; estaban a Doña Lolita Suárez, as señoritas do Kerino e o señor Mouriz e a muller e máis outros falando, e ó pasar eu, dime a doña Lolita:

-Pelúdez: no quiere venir al NIDO?

Eu, que sei que ela é seria, e que o NIDO o decía por groma, díxenlle que sí. Nunca tal sí dixerá!.... I da a ora ando con mormeira da friaxe que me entrou no corpo cando paguei o que tiven que pagar. Eu coidei que o NIDO era un paseo. I o que era é un sitio que, nin que soñes as toleadas que ás veces soñas en alto, podes supoñer como é. ¡Qué gasto de luces e qué aforro de roupa nas rapasas! Qué cena de pippiretes! Hastra champán nos deron, que como na fonda nolo deron dúas veces, eu acordeime do Ribeiro, que ise sí que é viño e non esta purrela anarela que non saba a nada... Todo estaba moi ben, hastra chorros de auga que cebaron ás veces. E despois ¡perdóname, Filomemina, si en algo che faltou! Mira: Saliron unas rapazas ceitiñas coma peras e cun trañe... como o que visten as peras, salvo... o que había qua salvar.

Eu coidei que era muñecas con xogo de brazos e pernas, como algunhas feburas que se ven nos escaparates. Pero foran de carne e hosoi. E ¡qué carne, anda que de hosoi nada se lles via! Eu quedei tan pampo que dei en falar seguido, non sei se en francés ou en alemán ou en unha no---Hastra que o Señor Samartiño me fixo calar dicindo que non armase barullo, e que non me anilagrarse tantat por ver tanta muller. Eu díxenlle:-

-E verdá que son moitas. I eso faime acordar o que me decía Dios descansa ó maragato da miña parroquia:- ¡Rapaz, fuxe das mulleres cando andan moitas xuntas. Tí atente ó refrán da miña terra que di: "As mulleres i a aceituna, de unha en unha".

¡Bueno, xa que contarí na casa o que me falta por contar!...

E agora, miña moña vestida; remátess o papel e teño que rematar a carta. E tou agardando en que queda o enredo dos pagos na fonda. Se me fan quedar... non collas medos que faga toleadas, porque como non teño cartos, teño que ser á forza un anxeñiño de Dios.

Que lo soi,

PELUDEZ.